

ANUNCIO DO TRIBUNAL DO PROCESO SELECTIVO PARA O NOMEAMENTO DE 1 PRAZA DE TÉCNICO/A DE EDUCACIÓN, PERSOAL FUNCIONARIO, GRUPO A, SUBGRUPO A1, ESCALA DE ADMINISTRACIÓN ESPECIAL, SUBESCALA TÉCNICA SUPERIOR, DA OEP EXTRAORDINARIA DE ESTABILIZACIÓN (BASES PUBLICADAS NO BOP Nº 238 DO 19.12.2022), PRAZAS AFECTADAS POLA DA 6ª E 8

RESOLUCIÓN RECLAMACIÓNS, VALORACIÓN DEFINITIVA DA FASE ÚNICA DE CONCURSO E PROPOSTA DE NOMEAMENTO

O Tribunal, reunido en sesión do 8 de marzo de 2024, adoptou os seguintes acordos:

1) Resolución da reclamación formulada por Patricia Lorenzo Durán contra a puntuación provisional outorgada na sesión do 15 de febreiro de 2024.

Solicitada revisión da puntuación no apartado formación, compróbase que a formación a que se fai referencia na reclamación “Cursos impartidos polas universidades que figuran no documento 4661_2023_1.pdf” xa foi obxecto de valoración. Do total de horas de formación alegadas na solicitude foron obxecto de valoración 355 horas. Revisada de novo a documentación acreditativa da formación desta aspirante, o Tribunal ratifícase na puntuación outorgada na sesión do 15 de febreiro de 2024 e, polo tanto, acorda rexeitar a reclamación.

2) Elevar a definitivas as puntuacións provisionais outorgadas na sesión do 15 de febreiro de 2024.

Polo tanto, o resultado definitivo da valoración da fase única de concurso, por orde de puntuación, é o seguinte:

Nº ORDE ASPIRANTE		EXPERIENCIA	FORMACIÓN	TOTAL
1	Emilia Seoane Pérez	60	40	100
2	Pedro González Arias	0	40	40
3	Patricia Lorenzo Durán	0	28,40	28,40

3) Logo de ver o resultado final do proceso selectivo, o Tribunal propón o nomeamento como persoal funcionario de carreira, praza de TÉCNICO/A DE EDUCACIÓN, grupo A, subgrupo A1, da seguinte aspirante:

Nº ORDE ASPIRANTE PROPOSTA PARA O NOMEAMENTO

1 Emilia Seoane Pérez

Os/as restantes aspirantes que superaron/an o proceso selectivo formarán a relación complementaria establecida na base décimo terceira segundo a orde de puntuación obtida no proceso selectivo.

Do mesmo xeito, pasarán a formar parte da listaxe de agarda establecida na base décimo cuarta.

O secretario do Tribunal